# THE CIRKID. CIRCO ACUÁTICO




AVENIDA CASTELAO.VIGO

Do 7 ao 30 de AGOSTO 2009

Venda de entradas en El Corte Inglés, Caixa Galicia

e no despacho de entradas do circo

**FESTAS 2009**
SERVIZO DE PRENSA
*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

# The Cirkid. Circo Acuático

- Un novo concepto de circo que nace da fusión entre THE CIRKID, unha compañía nova que aposta polas novas tendencias e necesidades dentro do ocio infantil e os irmáns ZOPPIS que despois de actuar nos mellores circos e salas de festa a nivel Mundial, se puxeron doutro lado para crear e dirixir unha das infraestruturas itinerantes máis complexas do panorama circense. Todo isto rodeados polos máis de 50.000 litros de auga que forman parte deste espectáculo.

- Ambientado nun maxestoso acuario, o show achéganos a historia dun pallaso que accidentalmente cae á auga, e ao non saber nadar afunde ata as profundidades do mar. Alí vivirá mil aventuras enchidas de acrobacias e mostras de forza e destreza, á mesma vez que coñecerá seres máxicos cos que percorrerá o novo mundo. De cada un destes habitantes mariños aprenderá algo e, con estes novos coñecementos, planificará o seu regreso á superficie.
  *"É unha historia onde a simplicidade dos personaxes permite que dous mundos atopen, vivan, respiren e que flúa entre ambos os dous unha linguaxe única: o valor da amizade. Somos auga e viviremos esta aventura dentro e fóra dela".*

**Abel Martín** *(director artístico)*

**FESTAS 2009**
SERVIZO DE PRENSA
*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

- Os clásicos personaxes de Cirkid, cheos de hipnotismo e audacia, serán os encargados de guiar o espectáculo durante as dúas horas que dura o show. Luces, son, posta en escena, atrezo e vestiario estarán minuciosamente fundidos para conseguir unha estética actual, moderna e atractiva.

- O programa tamén inclúe dez atraccións do máximo nivel técnico; 30 artistas cun denominador común, foron seleccionados polo seu empeño en achegar orixinalidade ás súas actuacións. O maior número de artistas xamais reunidos para un acontecemento deste tipo.

- Sen esquecer aos nosos compañeiros de viaxe: a foca Vicky que nos traerá a varios dos seus amigos do mundo mariño, quenllas, pingüíns, pelicanos, crocodilos, ... e unha morea de sorpresas completan este mundo máxico onde toda a familia forma parte do espectáculo.


*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

THE CIRKID
El circo de los niños

# Orde do espectáculo

## PRIMEIRA PARTE

1. Apertura. Hawaianas, crocodilos e serpes. Coreografía
2. Diábolos
3. Círculos ...rodas alemás
4. Pallasos. Coreografía
5. Sombreiros
6. Aro ....aéreo
7. Malabares
8. Pallasos
9. Equilibrio
10. Descanso

## SEGUNDA PARTE

1.Moto acuática

2. Pallasos
3. A Foca Vicky e os seus compañeiros mariños
4. Pratos
5. Pallasos
6. Estrela... aéreo
7. Contorsións
8. Coreografía
9. Círculos. Pallasos
10. Final. Saúdo

**FESTAS 2009**
SERVIZO DE PRENSA
*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

THE CIRKID
El circo de los niños

## Información de interese

RECINTO DE INSTALACIÓN

AVDA DE CASTELAO (Xunto ao Alcampo) - VIGO

◊

DATAS

A partir do 7 ata o 30 de Agosto de 2009

◊

HORARIO DE FUNCIÓNS

De luns a venres

20.00 horas.

Sábados

19,00 e 21,15 horas.

Domingos

20.00 horas.

◊

PREZOS

De 10 a 35 €

◊

DURACIÓN DO ESPECTÁCULO

1 hora e 55 minutos

◊

AUDITORIO

1.200 espectadores


SERVIZO DE PRENSA
*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

THE CIRKID
El circo de los niños

# Os artistas

## Abel Martín. Director artístico

O director de escena, coreógrafo e docente Abel Martín fundou a súa propia compañía teatral “A Festa Escénica”, radicada en Baiona (Galicia) e en Cipolleti, na Patagonia arxentina. “A Festa Escénica” é autora, entre outros shows, de "Cindirella", "O fantasma de Canterville", "O médico a paus" ou o "Circo de Venecia", co que cumpriron máis de 600 funcións; tamén de exitosos espectáculos de rúa e estatuas viventes, e da cabalgata da cidade de Vigo. A compañía colaborou con The Cirkid por vez primeira o pasado ano, no Circo dos Nenos, onde o seu director escénico apareceu na pista recreando un bufón da comedia da arte e guiando aos bonecos. Dende o seu taller de Baiona, Abel Martín, tamén director artístico do Festival de Circo de Albacete, traballa en futuros proxectos como o Circo da India ou o Circo do Nadal de Berlín.

## Jhonny Bogino

A vocación e a experiencia no mundo do circo véñenlle a este artista de familia, unha saga de longa traxectoria no mundo do espectáculo da que recibe a maior parte da súa formación.



En 1989 e 1990 Jhonny Bogino preparouse na ¨National academy of circus arts¨, de Italia, país no que debutou en 1992 baixo a gran carpa do Royal circus. Ata o momento actuou nos seguintes circos:

1993 Circo Darix Martin Italia

1994 Circo Zavatta Francia

1995 Florida shark show España

1995 Circo Lidia Togni Italia

1996 Circo Europa. Portugal

1997 Circo Americano a tres Pistas España

1998 Circo Americano a tres Pistas España

1999 Circo Italiano España

2000 Circo Italiano España

2001 Fossett´s Circus Irlanda

2002 Circo museo Raluy Isla de la reunión (Francia)

2003 Olimpya Circus Suecia

2004 Circo Deros Esp2005 France Piste Francia

2006 Cirque National Alexis-Gruss Francia

2007 Cirque National Alexis-Gruss Francia

2008 Circo museo Raluy España

## Acróbatas

### Xu Rui

Habilidades circenses:

Diábolo, equilibrios con pratos e acrobacia en bicicleta.

Realiza unha xira por China na tempada 2004 -2006 co grupo acrobático dirixido por Ziqiang Zhai, en distintos hoteis e salas de festa. Actualmente realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Tianjin.

### Li Mengxue


*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

Habilidades circenses:

Diábolo, equilibrios con pratos, acrobacia en bicicleta e contorsión

Nas tempadas 2002-2006 realiza unha xira por China co grupo acrobático dirixido por Ziqiang Zhai, en distintos hoteis e salas de festa.

Actualmente realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing.

## Xu Xiaohong

Habilidades circenses:

Diábolo, equilibrios con pratos, acrobacia en bicicleta, contorsión e trapecio volante.

5ª praza na Competición Acrobática de Shanghai en 1999. Medalla de prata na Competición Nacional de Acrobacias en 2003.

1994-2000: Realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Shanghai.

Actualmente realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing.

## Wang Chenlu

Habilidades circenses:

Diábolo, equilibrios con pratos, acrobacia en bicicleta e contorsión.

Medalla de prata na Competición acrobática de Shenyang en 2003.

1999-2003: Realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Shenyang.

Dende 2003 realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing.

## J. Q. Diabolo

Habilidades circenses:

Equilibrios con pratos e acrobacia en bicicleta

6ª praza na Competición Nacional de Acrobacias en 2008. Dende 2001 realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing.

## Zhao Panpan


SERVIZO DE PRENSA
*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

Habilidades circenses:

Diábolo, equilibrios con pratos, acrobacia en bicicleta e contorsión

Medalla de prata na Competición acrobática de Shenyang en 2004. 5ª praza na Competición Nacional de Acrobacias en 2007.

1999-2004: Realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Shenyang.

Dende 2004 realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing

## Liu Wenna

Habilidades circenses:

Diábolo, equilibrios con pratos e acrobacia en bicicleta.

Dende 2003 realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing.

## Gao Yanping

Habilidades circenses:

Diábolo, equilibrios con pratos, acrobacia en bicicleta.

5ª praza na Competición Acrobática de Tianjin en 2005. Medalla de bronce na Competición Local de Acrobacias en 2007.

1998-2005: Realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Tianjin. 2005-Actualmente realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing

## Cao Xiaoli

Habilidades circenses:

Equilibrio, equilibrio sobre cadeiras, equilibrios con pratos e contorsión

1996-1999: Realiza actuacións en diferentes eventos e salas da provincia de Hainan. Dende 2001 realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Shanghai.

## Bai Zhenpeng

Habilidades circenses:


*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

Saltos acrobáticos entre aros, malabares con sombreiros e roda acrobática

6ª praza na Competición acrobática de Henan en 2004.

1996-2004: Realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Henan. Dende 2004 realiza actuacións en diferentes eventos e salas Bejing.

## Zhang Defang

Habilidades circenses:

Saltos acrobáticos entre aros, malabares con sombreiros e roda acrobática

Medalla de prata na Competición Nacional de acrobacias en 2007.

1996-2001: Realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Shanghai.

Dende 2001 realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing.

## N. Shaoguang

Habilidades circenses:

Saltos acrobáticos entre aros, malabares con sombreiros e roda acrobática

5ª praza na Competición Nacional de acrobacias de 2004

1998-actualmente: Realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing

## Ma Shili

Habilidades circenses:

Saltos acrobáticos entre aros, malabares con sombreiros e roda acrobática

Medalla de bronce na Competición Nacional de acrobacias en 2004

1999-2003: Realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Dalian

2003-Actualmente: Realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing.

## Tian Shaofeng

Habilidades circenses:


*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

Saltos acrobáticos entre aros, malabares con sombreiros e roda acrobática

7ª praza na Competición Nacional de acrobacias de 2007

2000-Actualmente: Realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing.

## Yang Bichao

Habilidades circenses:

Saltos acrobáticos entre aros, malabares con sombreiros e roda acrobática.

4ª praza na Competición acrobática de Henan en 2008. Dende 2002

realiza actuacións en diferentes eventos e salas de Beijing-



**FESTAS 2009**
SERVIZO DE PRENSA
*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

# The Cirkid




The Cirkid é unha moderna empresa de circo que leva por toda España os seus espectáculos cheos de maxia e pensados para toda a familia, co desexo de reposicionar as artes do circo como un elemento máis da cultura en maiúsculas do noso país. Circo tradicional posto en escena cunha linguaxe contemporánea e próxima ao público, o cal participa de xeito activo grazas á destreza e ao grande oficio dos artistas que o acompañan. Actualmente produciu tamén o espectáculo do Nadal do Teatro Circo Price( NIx e Nox).

Música, luz, acrobacias, bo circo e efectos especiais son o denominador común das súas propostas. En definitiva, un circo:

## INNOVADOR

Entre o clasicismo dos grandes circos tradicionais europeos e a vangarda das propostas máis actuais, The Cirkid aposta polo futuro sentíndose herdeira do pasado.

## INTERXERACIONAL

Un circo dirixido a todas as idades que fuxe do enfoque pueril e do circo exclusivamente para maiores, pensado para "pais acompañados".

## SENSITIVO

Un espectáculo que chega ao espectador a través dos cinco sentidos: vista (cunha posta en escena elaborada), oído (música e son ao servizo do artista), olfacto (expandindo olores en momentos do show), gusto (co servizo de restauración) e tacto (sendo o público un elemento interactivo).

## MULTICULTURAL

Dende o seu nacemento, a finais do século XVIII, o circo converteuse no grande espazo de diálogo das culturas. The Cirkid pretende facer descubrir un universo no que a educación intercultural, a comprensión e a confianza tórnanse fundamentais.

## CÁLIDO E CONFORTABLE

E todo iso baixo a carpa de circo, sen dúbida ningunha, máis bela e confortable que ata os nosos días viaxou por España. De 36 metros de diámetro e 17 de altura, con capacidade para máis de 1.000 espectadores, visibilidade total e as últimas tecnoloxías.


*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

THE CIRKID
El circo de los niños

## As instalacións



Como calquera grande circo europeo, The Cirkid constitúe unha verdadeira cidade rodante: camións oficinas, taquilla, colexio, vivenda, comedor, etc. viaxan de cidade en cidade. Trátase de tres empresas nunha soa: unha de espectáculo, outra de transporte e unha de comunicación. Case un centenar de persoas traballando ao servizo do espectáculo.

A flota rodante componse de 94 vehículos -14 caravanas, 18 caravanas tráiler, 21 camións,17 semi-remolques, 9 furgonetas, 2 tractores, 1 camión caixa abatible, 2 calefactores, 2 xeradores de luz, colexio, cafetaría, servizos, e 5 coches. Un total de 810 rodas que na primeira xira polo Estado realizaron 25.000 km visitando 12 cidades.

**FESTAS 2009**
SERVIZO DE PRENSA
*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*

A carpa de The Cirkid, con 2000 metros cadrados de lona ignífuga, conta con 5 saídas de emerxencia, 96 horas necesarias para a montaxe e 48 para a desmontaxe, capacidade para 1.200 espectadores, 4 mastros centrais de 20 de altura para a suxeición da cúpula, unha cúpula de 10 metros de altura, 30 x 40 metros de base e 46 tensores de suxeición no perímetro da carpa.

Por último, The Cirkid aposta polo benestar do medio e é por iso que conta cun completo sistema de depuración ademais de dous camións cuba capaces de trasladar a auga dun lugar a outro e deste modo reutilizar os máis de 50.000 litros de auga que participan no espectáculo.


SERVIZO DE PRENSA
*Mila Alonso*
*Tf. 619044591*
*Enderezo Electrónico: festas2009@vigo.org*